

Escola Superior de  
Enxeñaría Informática

# Informe final

2016-2017



Plan de Acción Tutorial

## **Táboa de contidos**

<b>Presentación.....</b>	<b>3</b>
<b>Cumprimento da planificación e seguimento do PAT.....</b>	<b>3</b>
<b>Fichas de seguimento .....</b>	<b>5</b>
<b>Cuestionarios de satisfacción .....</b>	<b>6</b>
<b>Avaliación dos indicadores .....</b>	<b>8</b>
<b>Consecución dos obxectivos .....</b>	<b>9</b>
<b>Melloras a introducir para o curso 2017-2018 .....</b>	<b>11</b>

## Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial.**

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

## Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

Nas seguintes fichas reflíctense os datos facilitados polos/as titores/as participantes no PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Bloque O: Organización					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveus e Parcialmente	Desenvolveus e Totalmente		
Sesión de Organización-Presentación			X	Desenvolveuse con total normalidade.	7 profesores/as
Reunión Alumnado-Profesorado Titor		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións. Nos outros, desenvóléronse con normalidade, cubrindo as fichas correspondentes.	77
Asesoramento Seguimento Continuo		X		Desenvóléronse con normalidade con todo o alumnado que o solicitou.	4

Análise-Avaliación Parcial do PAT			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT.	1 coordinadora 7 titores
Análise-Avaliación Final do PAT			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT. Os cuestionarios de satisfacción do alumnado foron solicitados via correo electrónico. Respondeu unha pequena porcentaxe do alumnado.	1 coordinadora 7 titores

### Bloque 1: Acollida

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión Informativa			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos os implicados	127

### Bloque 2: Planificación

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	46
Toma de Decisións Que facer ao finalizar o curso?		X		Escasa participación do alumnado	16

### Bloque 3

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Atención á Diversidade	X			Non se detectou ningún tipo de necesidade específica de apoio educativo	0

### Conclusións

- O alumnado asiste de forma masiva ás primeiras reunións do PAT.
- Nalgúns grupos, o alumnado deixou de asistir a medida que avanzaba o curso.
- Non se detectaron necesidades especiais de apoio educativo. Isto é debido, en parte, a que aqueles casos que poidan necesitar plans persoalizados, contan xa con profesorado tutor específico e con asesoramento do Gabinete Psicopedagóxico do Campus.
- Nas reunións de avaliación do PAT, nin a coordinadora nin o profesorado tutor detectaron problemas co profesorado, coas materias, ou co funcionamento do Centro.

O PAT está orientado e planificado para o alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, distribuídos en varios grupos, supervisados polos/as tutores/as, así coma para os/as alumnos/as extranxeiros/as, supervisados/as por un/ha único/a titor/a, que é o/a encargado/a de facilitarlles a súa estadía no Centro.

### Ficha para a Avaliación do PAT

#### Análise Final de Seguimento (media) dos implicados

Ítem	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Asistencia media do alumnado ás sesións de organización: 4		x		O alumnado amosou escaso interese polo PAT, pero foi igual á do ano anterior
Asistencia media do alumnado ás sesións de acollida: 127		x		Todo o alumnado asistiu
Asistencia media do alumnado ás sesións de formación: 3		x		Non houbo problemáticas que resolver
Asistencia media do alumnado ás sesións do PAT: 4		x		Aínda que o número medio de asistentes se mantén, houbo grupos nos que nunca asistiron estudantes a ningunha reunión.
Número de reunións sen asistencia de alumnado: 7		x		Outros grupos non funcionaron de modo óptimo e deixaron de ter asistencia despois da segunda reunión

#### Conclusións

- O alumnado non amosa interese polo PAT, unha vez está integrado no Centro.
- Como en anos anteriores, parece que os/as estudantes solucionan os pequenos problemas ou dúbidas que teñen falando directamente co profesorado o titor ou coa coordinadora, ben de forma persoal, ben empregando medios electrónicos.

## Fichas de seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas polos/as coordinadora/tutores/as en cada reunión realizada e nelas se reflicten as dificultades e problemas detectados no desenvolvemento do curso académico.

#### Análise xeral das fichas de seguimento

- Unha vez que os/as estudantes comezan a incorporarse con normalidade á vida universitaria, non empregan o PAT se non é necesario.
- Non se atoparon problemas nos que tiveran que intervir os/as titors ou a coordinadora.
- O alumnado que puidera ter algunha dificultade, falou directamente cos membros do profesorado para resolvelo.

## Dificultades, queixas, suxerencias e problemas detectados

### De carácter xeral

- o En ocasións, a tarxeta universitaria do alumnado, que da acceso á rede inalámbrica, non chega pronto, e o alumnado non dispón de conexión wifi dende o comezo do cuadrimestre.

### Relacionados co proceso de ensino/aprendizaxe das materias

- o Problemas habituais, relacionados coa dificultade dalgunha materia.
- o Para o alumnado que recoñece algunhas materias, coma Programación I, resulta difícil despois seguir as materias que poden ser continuación, coma Programación II ou Algoritmos e Estructuras de Datos I. Recoméndaselles asistir ás clase de Programación I sempre.
  - O alumnado do PCEO EI-ADE segue a ter dificultades coa materia de Estatística.
  - Non se atoparon outros problemas.

### Do propio PAT

- Pouca asistencia ao PAT, sobre todo a partir do segundo cuadrimestre.

## Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos polo alumnado. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

### 1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

<i>Moi Mala</i>	
<i>Mala</i>	
<i>Boa</i>	87.50%
<i>Moi Boa</i>	12.50%

### 2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é:

<i>Moi Mala</i>	
<i>Mala</i>	
<i>Boa</i>	62.50%
<i>Moi Boa</i>	37.50%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

Nada	
Pouco	25.00%
Bastante	56.25%
Moito	18.75%

4. Valora o grao de utilidade do PAT.

Nada	
Pouco	31.25%
Bastante	56.21%
Moito	12.50%

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

Si	X
Non	X
<p>¿Por qué? -Porque encontras cercanía cos profesores e compartes queixas cos compañeiros.  -So falamos de como nos ía o curso ou se tiñamos algún problema na facultade. Non abordamos nada máis.</p>	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?.

Si	X
Non	X
<p>¿Por qué? Porque se adecuaron á dispoñibilidade do alumnado</p>	

7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?.

Si	X
Non	
<p>¿Por qué? Liviana e pouco pedante</p>	

8. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

Si	X
Non	
<p>¿Por qué? Son moi poucas reunións para realizar un seguemento</p>	

10. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos:

	Moi mal	Mal	Ben	Moi ben
Metodoloxía empregada			50.00%	50.00%
Desenvolvemento dos contidos			68.75%	31.25%
Claridade da exposición.			43.75%	56.25%
Atención persoal aos alumnos		6.25%	37.5%	56.25%
Aclaración de dúbidas			43.75%	56.25%

11. Que eliminarías do PAT?

Nada

11. Que engadirías?

Nada

Quedar mais veces sobre todo no primeiro curso, e que se trate información necesaria como poden ser bolsas, coller materias doutros curso, etc.

13. En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?

Nada	
Pouco	31.25%
Bastante	56.25%
Moito	1.25%

## Conclusións

- Os/as estudantes que participaron no PAT valoran positivamente este Plan.
- O profesorado titor está ben valorado polo alumnado.
- A planificación do PAT resultada xeitada tanto en datas coma en metodoloxía.
- A titulación respondeu, en xeral, ás expectativas iniciais do estudantado.

## Avaliación dos indicadores

### Ficha para a Avaliación do PAT

#### Avaliación dos Indicadores

Indicador	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Alumnado matriculado de novo Ingreso: 127		x	--	O anterior curso foi de 131. Cúbreñe máis prazas das ofertadas. Sucede o mesmo no PCEO EI + ADE
Alumnado matriculado total no centro: 603		x	--	O anterior curso foi de 525, moi similar.



Egresados/as (2015-2016): 73			x	O curso 2014-2015 foi de 39.
Taxa de Graduación (2015-2016): 38.20%	--	--	--	O curso anterior foi de 21.35%. Aínda que va en aumento, é importante que siga aumentando.
Taxa de Abandono (2015-2015): 24.74			x	O ano anterior foi de 30.28%. É necesario reducilas aínda máis.
Taxa de Eficiencia (2015-2016): 83.00%	x	--	--	O curso anterior foi similar, de 85.00%. É elevada nos dous casos.
Nº de Alumnos/as Enviados/as en Programas de Mobilidade: 14	x			O ano anterior foron 6.
Nº de Alumnos/as Recibidos/as en Programas de Mobilidade: 3			x	O ano anterior foron 8.
Taxa de Inserción Laboral: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles

### Conclusións

En termos xerais, os datos mantivéronse en relación co ano anterior.

## Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.		x		Escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.			x	
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		Escaso interese do alumnado.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			x	
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.			x	Salvo excepcións, non houbo problemas de traballo en grupo. Organizouse tamén un taller para cubrir esta necesidade para o alumnado de 1º curso.

Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.		X		
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		X		

### Conclusiones

- Todo o alumnado que participou na enquisa final valora o PAT de forma positiva.
- Parece claro que o alumnado está interesado no PAT sobre todo no primeiro cuadrimestre, que é cando realmente necesita axuda e orientación para determinadas cuestións.
- Considerando que no segundo cuadrimestre os/as estudantes teñen xa plena integración na ESEI, e contactan co profesorado tutor cando o consideran oportuno, non parecen necesarias as reunións grupais do segundo cuadrimestre.

### Ficha para a Avaliación do PAT

#### Grao de Consecución dos Obxectivos

#### Obxectivos Específicos

Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Mellorar a implicación dos/as estudantes na Xestión do Centro.			X	Nas eleccións de representantes de alumnado, aínda que non se incorporou alumnado de novo ingreso, si o fixo algunha estudantes con materias deste curso.
Mellorar a satisfacción dos/as estudantes coa formación recibida.			X	En xeral, o alumnado está satisfeito coa formación recibida.
Reducir a taxa de abandono.			X	Diminuíu en case un 6%, o cal se considera satisfactorio. Continuaremos tratando de decrementar este valor nos sucesivos cursos.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo do alumnado.			X	Nos últimos anos, impártense talleres de traballo en grupo, e cóntase coa inestimable axuda do Gabinete Psicopedagóxico do Campus, para axudar aqueles casos de alumnado con necesidades especiais.
Fomentar a inserción laboral do alumnado	--	--	--	Non dispoñible
Aumentar a taxa de graduación	--	--	X	A taxa de graduación está en ascenso con respecto ao curso anterior.

Aumentar a taxa de eficiencia		x		É moi elevada.
-------------------------------	--	---	--	----------------

### Conclusiones

- Cumpíronse os obxectivos.
- Como en anos anteriores, non coñecemos os datos da taxa de inserción laboral, pero seguimos a ter unha alta empregabilidade para os alumnos do Grao en Enxeñaría Informática.

## Melloras a introducir para o curso 2017-2018

- Unha mellora pendente deste curso foi a inclusión de alumnado de cursos superiores como apoio ao estudantado. Esta mellora quedou posposta porque no momento de aprobación deste informe, xa non había alumnado no Centro. Por iso, tendo en conta esta mellora, fórmulase de novo este ano, pero contando como alumnado de apoio o pertencente á Delegación, dado que están máis ao tanto da xestión do Centro, e dos aspectos máis relevantes do seu funcionamento.
- Como xa se indicou, as reunións do segundo cuadrimestre non resultan necesarias, polo que se suprimen de cara a vindeiros anos académicos.
- Outra mellora será non limitar ao PAT unicamente ao primeiro ano, senón que o profesorado titor quedará asignado ao alumnado que así o desexe durante toda a duración da titulación, de xeito que poderá acudir a el ou ela an anos posteriores e solicitar consello e orientación sobre cuestións coma elección de optatividade, especialización, e demais aspectos académicos.